

Máis é... luz

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Sábado, 02 Abril 2011 23:48



Esperto ansioso e desconcertado. A escuridade é total; non sei onde estou. Ao cabo dun tempo, caio na conta de que ocupo o mesmo dormitorio que veño utilizando dende hai anos. Acendo a luz; son as catro e vinte da madrugada; incorpórome. As paredes, que sei que son brancas, agora, iluminadas artificialmente, percíboas dunha tonalidade lixeiramente amarela. A luz: esencia de diversas artes e *material* propio da arquitectura.

Mentres a pintura clásica, a través dun sabio xogo de tonalidades pálidas e brancos, cita a luz dentro da obra sen que, para iso, o pintor a manipule directamente, a arquitectura conta con ela ao mesmo nivel que calquera outro material; digo, a un nivel superior, posto que entre todos os materiais este é o único que non ten substituto. A pintura teatraliza a luz, evócaa e suxírea, pero en realidade, o que vemos, non é outra cousa que pigmento. Pola contra, o arquitecto, seguindo o seu propio criterio, modúlaa, diríxea, coloréaa...; pode conseguir que se mostre sólida ou difusa; horizontal, oblicua ou cenital; fría ou cálida...; Trabállaa directamente.

Tadao Ando está convencido de que "o espazo só ten vida cando a xente entra nel", pero para que esta vivencia do espazo, e da materia que lle pon límite, sexa completa é necesaria a presenza de luz, pois a súa total ausencia, as tebras, anulan a arquitectura; redúcena, como moito, a mera construción e esta, por si mesma, pode manter un uso, pode materializar unha primixenia idea de acubillo, pero non alcanza o rango de arquitectura. Deamos, pois, por nacida a arquitectura dun axeitado ordenamento de materia e espazo en presenza de luz; agora ben, este último compoñente, que dá vida, que sublima a existencia dos outros dous, non é percibido de igual xeito por todo ser humano. Razóns de sensibilidade, ánimo, formación,... cultura, determínanos. Por exemplo, en Oriente, como o propio

Ando

relata o falar dos seus recordos infantís, ou

Junichiro

Tanizaki

describe no seu

Eloxio...,

a luz é lida nas súas arquitecturas tradicionais, e non solo, a través da sombra. En Occidente, esta, a sombra, é sentida como unha consecuencia da interrupción da luz por interposición da materia. En ambos os dous casos, non se pode entender unha sen a outra. Retornando ao mundo da pintura, é notorio que o máis habitual dende a antigüidade clásica foi utilizar o cromatismo para evocar a luz, non obstante hai pintores, Ernest

Breleur é

un deles, que falan dela representando a súa ausencia, pintando a noite; atendendo, quizais nalgúns casos sen ser conscientes, a un modo oriental de entendela.

Ao longo da historia o enxeño humano creou obras que se celebran como paradigmas de iluminación, exemplos sublimes de como o proxectista pode chegar a conducir a luz dentro dunha arquitectura; o *Panteón de Agripa*, en Roma, enchido de luz cenital, é un deles. Mencionarei algúns casos máis, uns poucos, que non sei se están entre os máis recoñecidos, nin me interesa, pero que para min son importantes; sen que a súa orde de aparición indique xerarquía ningunha, nin a súa cita impedimento de que considere outros coa mesma categoría que estes. Empezarei polo edificio que, case con seguridade, máis me impresionou de cantos levo visitado: *A mesquita de Córdoba*. Aínda hoxe, ao cabo de moitos anos, recordo como tremía cando saín dela. Poucos edificios me causaron tal efecto. O espazo enchido de columnas a intervalos constantes crea un campo case estático e sereno, prácido, ocupado por unha penumbra amable que deixa de ser uniforme por momentos por culpa dunhas perforacións estratexicamente emprazadas, ocasionalmente sobre as arcadas. É un lugar sagrado e introvertido que se percibe máis intensamente se nos acompaña o silencio. Esta posta en escena dota ao edificio dunha atmosfera única; divina.

O segundo caso é un xenérico que vivín en máis dunha ocasión e lugar. Trátase da estudada utilización da luz que atopamos en moitas catedrais, principalmente góticas. A luz densa, sólida, que ata media mañá, ou ao atardecer, entra respectivamente a través dos ocos da cabeceira ou do rosetón de poñente e atravesa a luz difusa que enche o interior do templo, crea un ambiente escenográfico de gran tensión e consegue que as bóvedas, situadas por enriba dese chorro denso e branco, parezan aínda máis altas e máis lixeiras, reforzando, deste xeito, a atmosfera espiritual do lugar.

Noutras ocasións o obxectivo desta luz densa e viva é realzar a expresividade da materia, contribuíndo a reforzar o dramatismo de escenas e espazos. Isto, que foi un recurso moi utilizado no barroco, ten no Transparente da catedral de Toledo, do escultor Narciso Tome (s. XVIII

), un exemplo sublime que debe ser visitado. Nesta mesma liña de luz interrelacionada con materia encadro o xardín neoclásico do pazo de Gondomar. Entre os meus recordos de adolescente cóntase a impresión que me causou cando entrei nel por primeira vez. Era un atardecer de final da primavera. A luz, etérea e perturbadora, filtrábase a través da frondosa e alta vexetación, alcanzando na rotonda de magnolios, próxima á fachada do pazo, uns fermosos efectos que nunca vira. Anos máis tarde souben que ese xardín, eses magnolios, están emprazados, contra natura, ao norte da grande construción pancega.

Máis é... luz

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Sábado, 02 Abril 2011 23:48

Remato este breve e parcial percorrido con dúas obras de arquitectura contemporánea do mestre portugués *Álvaro Siza*: Os vestiarios e espazos de transición da piscina que construíu en Leça de Palmeira, en Matosinhos, e a igrexa de Marco de Canavezes. A primeira é unha sutil estrutura horizontal, un oasis, que acolle o bañista baixo a súa inesperada e espesa penumbra para darlle placenteiro descanso os seus castigados ollos mentres, este, adecúa a súa vestimenta. Ao saír espéralle unha luminosidade que, por causa do brutal contraste, aínda é máis cegadora, a cal, a xeito de onomatopea visual, o axuda a entender o inmediato pracer do acto de aplacar a calor estival nun mar que o é,... e ao tempo, non. A outra, unha vez máis, é unha obra relixiosa. Proxectouna, o arquitecto, sinxela, contida e algo fóra de canon; cun espazo para oficiar onde a luz difusa cae delicada e misteriosa para tinguilo todo de lirismo, esvarando dende o alto do muro norte. Tras o altar, dúas gretas no muro cabeceiro, orientado a nacente, reforzan intencionadamente a iluminación local e converten á luz indirecta que as enche en referencia focal.

Agora, fóra as tebras aínda o ocupan todo. Eu, regreso á cama coa certeza de que o sol, fiel ao seu destino diario, rematará por mutar esta escuridade en luz. Algo portentoso. ¡Máxico!.